

Nº	Apelidos	Nome	DNI	Antigüidade		Formación	Total
				Base II.2.1.a.1	Base II.2.1.a.2	Base II.2.1.b	
191	Vázquez Suárez	Roberto	32829784K	0	0	2	2
192	Vázquez Vidal	David	53164375J	0	0	0	0
193	Veiga Alende	Casto José	44815975S	0	0	2	2
194	Veiga Álvarez	Karen	33313980K	0	0	2	2
195	Verde Pena	María Inés	33290596M	0	0	2	2
196	Verea Rodríguez	Silvia	35317976G	0	0	2	2
197	Vicente Ganteaume	Ana María	36061124E	13,65	0	2	15,65
198	Vilas Fandiño	Milagros	76863399K	0	0	0	0
199	Villadóniga Pita	Ana Isabel	32668186K	0	0	2	2
200	Villar Suárez	Begoña T.	76411918F	0	0	1	1
201	Villaverde Antelo	Rosa María	78799335R	0	0	0	0
202	Villoch Vázquez	María Purificación	33247161V	11,7	0	0,8	12,5
203	Vizcaino Mato	María	33327910J	2,86	0	2	4,86
204	Zotes Tarrío	Mónica	33301201F	2,34	0	2	4,34

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 11 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, prevé no seu artigo 3.2º, que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria; as devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos.

Así mesmo, o artigo 5 do devandito decreto establece que poden cubrirse por este mesmo procedemento aquelas prazas que favorezan as elaboracións de proxectos, innovacións curriculares ou metodolóxicas, entre as que existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Sendo necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a Administración educativa e distintas institucións ou entidades a que se refire o artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, e outras incluídas no artigo 5 do devandito decreto, e tendo en conta a habilitación que figura na disposición derradeira primeira do mesmo decreto, que autoriza a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

**DISPÓN:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-*Participantes e requisitos.*

Poderán participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira e funcionarios en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, que se atope en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2009-2010 e que estea en posesión do título de perfeccionamento en lingua galega ou do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou certificación ou validación equivalente.

Enténdese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no 31 de agosto de 2010 aquel persoal docente que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe reincorporarse obrigatoriamente a esta Comunidade no próximo curso académico.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación.*

O prazo para a presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, será de vinte días naturais contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán presentarse no Rexistro Único, edificio administrativo San Caetano, nos departamentos territoriais, ou ben na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante a ofi-

cina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa selada e datada polo persoal funcionario de correos antes de ser certificada.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo establecido para as reclamacións sinaladas no punto sexto, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

#### Artigo 4º.-*Solicitude e documentación.*

Aínda que se concurse a máis dunha praza, o persoal concursante presentará unha única instancia, acompañada dunha fotocopia desta e unha folla de autobaremación, que aparece como anexo IV, e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos de méritos alegados que achegasen os concursantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo [www.edu.xunta.es/datospersoais](http://www.edu.xunta.es/datospersoais)

As/os concursantes presentarán, ademais:

Proxecto de traballo sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes ao posto que se solicita, tendo en conta as súas características, cunha extensión máxima de 20 folios.

#### Artigo 5º.-*Comisión de selección.*

1. A selección das/os aspirantes será realizada por unha comisión, integrada polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en que delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais, coa categoría de subdirectores ou subdirectorxs xerais, xefas ou xefes de servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou membros da Inspección Educativa.

Unha funcionaria ou funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria ou secretario con voz e sen voto.

2. A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración. Ademais, poderá asistir un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coïden pertinentes.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante, con voz e sen voto, para a asistencia ás sesións das subcomisións.

3. Para a valoración dos puntos 1, 2, 3.1, 3.2 e 4.1 do baremo establecido no anexo II, a comisión de selección

podrá delegar esta función nunha subcomisión formada por persoal funcionario da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Unha vez feita esta, os resultados serán publicados nos taboleiros de anuncios da consellería e dos departamentos territoriais, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>, sinalando a relación de persoal excluído e a causa da súa exclusión e establecendo un prazo de 10 días naturais desde a súa exposición para presentar as reclamacións que procedan.

Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderá ser convocado pola comisión de selección á celebración dunha entrevista para apreciar mellor as circunstancias que concorren nel e que versará sobre o proxecto presentado.

4. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) estando cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6º.-*Proposta de nomeamento.*

O persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, no caso de ter lugar, non poderá ser proposto pola comisión. Será seleccionado o persoal aspirante que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acade as maiores puntuacións no total das epígrafes previstas no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicita.

No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo, sucesivamente e por esta orde, á maior puntuación nos puntos 5, 1, 3.3, 4.2, 3.1, 3.2, 4.1 e 2.

Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección proporá ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación dos postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderá notificado, para tódolos efectos, o persoal concursante afectado. Contra esta resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte no da súa publicación. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderase formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 7º.-*Resolución da convocatoria.*

A resolución da convocatoria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes afectadas.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contado desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e terá efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**Artigo 8º.-Toma de posesión.**

O persoal seleccionado deberá incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2010, e cesar no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicadas serano en comisión de servizos, por un período de un ano e un máximo de seis e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2º do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo.

**Artigo 9º.-Devolución da documentación presentada.**

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, disporán dun prazo de seis meses para retirar a documentación ante a presidencia. En caso contrario entenderase que renuncian á súa devolución.

*Disposicións derradeiras*

**Primeira.-**Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

**Segunda.-**Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO I**

Nº do posto	
1	Convenio: Secretaría Xeral da Igualdade.
Destino	Centro: Santo Anxo de Rábade-Lugo.
Prazas	Lugo: 1 profesor/a de ensino secundario no ámbito socio-lingüístico. 1 profesor/a de ensino secundario no ámbito socio-tecnolóxico.
Funcións	Docencia nos centros ás/aos internas/os que, por diversos motivos, non asistan a clases en centros ordinarios. Apoio educativo ás/aos internas/os que estean escolarizados en centros ordinarios e coordinación dos ditos centros. Apoio educativo ás/aos internas/os matriculadas/os en modalidades de educación a distancia.
Observacións	Disponibilidade horaria (xornada partida para adaptarse ás necesidades das/os internas/os).

Nº do posto	
2	Convenio: ONCE
Destino	Centro base da ONCE: Pontevedra, Vigo.
Prazas	2.1. Pontevedra: 1 mestra/e. 2.2. Vigo: 1 mestra/e.
Funcións	Atención á educación integrada de cegas/os e deficientes visuais, cunha intervención directa, presencial e personalizada co/a alumno/a. Atención á familia. Asesoramento ao profesorado da aula. Adaptación de materiais.
Requisitos	Disponibilidade de vehículo particular.
3	Convenio: <i>Fundación Preescolar na Casa</i>
Destino	Zonas de traballo de Preescolar na Casa, que se especifican a continuación: <u>Provincia da Coruña:</u> 3.1. Concellos de Ares, Cabanas, Irixoa, Miño, Monfero, Mugaridos, Pontedeume e Vilarmaior. 3.2. Concellos de Camariñas, Dumbría, Fisterra, Laxe, Mazaricos e Muxía. 3.3. Concellos de Arteixo, Carballo, Carral e A Laracha. <u>Provincia de Lugo:</u> 3.4. Coordinación pedagóxica. 3.5. Concellos de Carballedo, Ferreira de Pantón, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, O Saviñao. <u>Provincia de Ourense:</u> 3.6. Concellos de Monterrei, Riós, Oímbra, Verín e Vilardevós. <u>Provincia de Pontevedra:</u> 3.7. Concellos de Catoira, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Sanxenxo, Ribadumia, Vilagarcía e Vilanova de Arousa.
Prazas	A Coruña: 3 (mestra/mestre). Lugo: 2 (mestra/mestre). Ourense: 1 (mestra/mestre). Pontevedra: 1 (mestra/mestre).
Funcións	Estudo de zona (recollida de datos, convocatoria e visita ás familias). Planificación e realización de reunións de orientación quincenais coas familias, potenciando a reflexión e o intercambio entre adultos. Contacto coas institucións da zona relacionadas co traballo (mestras/es, pediatras, educadoras/es familiares, traballador/a social...) Organización de actividades diferentes ás reunións de orientación (excursións, charlas, exposicións, etc.). Participación nas reunións de zona e xerais. Colaborar cos diferentes medios do programa (revista, radio e televisión).
Observacións	O carácter itinerante do programa implica a necesidade de: carné de conducir e disponibilidade de vehículo. A especificidade do traballo implica flexibilidade horaria. As áreas de traballo poderán ser modificadas baseándose nas necesidades das poboacións atendidas e da organización propia do programa.
4	Convenio: Consellería de Cultura e Deporte.
Destino	Secretaría Xeral para o Deporte.
Prazas	4 mestra/e ou profesora/profesor de ensino secundario, especialidade educación física ou licenciados en educación física. Ourense: 1 mestra/e ou profesora/profesor de ensino secundario, especialidade educación física ou licenciados en educación física. Pontevedra: 1 mestra/e ou profesora/profesor de ensino secundario, especialidade educación física ou licenciados en educación física. Servicios centrais (Santiago de Compostela). 2 mestra/e ou profesora/profesor de ensino secundario, especialidade educación física ou licenciados en educación física.
Funcións	Desenvolvemento da campaña do deporte en idade escolar. Participación na programación e divulgación da campaña de deporte en idade escolar e as zonas e comarcas da súa área de actuación. Organización e seguimento de competicións deportivas. Coordinación de grupo de traballo e dinamización da campaña. Elaboración de memorias e estatísticas da campaña.
Requisitos	Experiencia en organización de competicións deportivas en idade escolar.
Observacións	Horario axeitado ás necesidades da actividade deportiva e ao seu desenvolvemento (tardes e fins de semana). Necesidade de desprazamento ás competicións ou servizos de coordinación.

Nº do posto	5	Convenio: <i>Asociación Diminuídos Psíquicos de Santiago (Aspas)</i> .
Destino	Centros de: Santiago de Compostela.	
Prazas	1 praza para mestras/es.	
Funcións	Integración social dos mozos disminuídos. A través do traballo, como terapia fundamental, mellorar a situación persoal e a calidade de vida destes mozos discapacitados. Actividades axeitadas á súa situación. Realizar e, se é o caso, coordinar todas as actividades escolares e extraescolares do centro. Traballo en programas de desenvolvemento integral.	
Requisitos	Experiencia en educación especial. Especialista en pedagogía terapéutica ou en orientación educativa. Cursos de plástica.	
Observacións	Horario adaptado ás necesidades do centro.	

Nº do posto	6	Convenio: <i>CEE Nosa Señora do Rosario</i> .
Destino	Centros de: A Coruña.	
Prazas	1 profesora/profesor de ensino secundario de lingua castelá.	
Funcións	Impartir docencia a alumnas/os con deficiencias auditivas.	
Requisitos	Profesora/profesor de ensino secundario coa especialidade requirida en cada caso. Coñecemento de linguaxe de signos.	

## ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizo como funcionaria/o de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50 puntos	5 puntos	Folla de servizos.
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutora/doutor..... 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes..... 2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura.....	1 punto  0,5 puntos 0,25 puntos	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas, que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados). 3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto a que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).	Ata 2 puntos  Ata 1 punto  Ata 3 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral..... 4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita..... (Deberán conter o ISBN, agás as excepcións previstas na lexislación vixente)	Ata 1 punto  Ata 2 puntos	3 puntos	Documentación orixinal ou copia cotexada.
5. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita..... (Puntuación mínima exixida por esta epígrafe: 4 puntos)	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios.
6. Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima exixida por esta epígrafe: 4 puntos)	Ata 6 puntos pola entrevista	Ata 6 puntos	

## ANEXO III

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN

CORPO A QUE PERTENCE

DISCIPLINA

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

NRP

## ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº

TELÉFONO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

## DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2009/2010

LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2009/2010

LOCALIDADE

## PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO
1		2		3		4	
5		6					

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

SINATURA DO INTERESADO/A

## ANEXO IV

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

NOME	DNI	NRP

CONCEPTO	PUNTUACIÓN PARCIAIS	TOTAL
1. ANTIGÜIDADE (Máximo 5 puntos) Por cada ano de servizo como funcionaria/o de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50	
2. MÉRITOS ACADÉMICOS (Máximo 2 puntos)		
2.1. Polo título de doutor	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo	0,25	
3. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (Máximo 6 puntos)		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por cada 10 horas)	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación (0,10 puntos por cada 10 horas)	Ata 1 punto	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto a que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas)	Ata 3 puntos	
4. PUBLICACIÓN, PROXECTOS, INNOVACIÓN TÉCNICAS (Máximo 3 puntos)		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico..., de carácter xeral	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico..., relacionadas coa praza que solicita	Ata 2 puntos	

*Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisionais de admitidos e excluídos do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades.*

Para dar cumprimento na forma máis adecuada ao disposto na base cuarta da Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo), pola que se convocan probas selectivas para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**RESOLVE:**

Primeiro.-Facer pública no anexo I a relación de aspirantes admitidos que solicitaron tomar parte no mencionado proceso selectivo.

Segundo.-Declarar excluídos, polas causas que se especifican, os aspirantes que figuran no anexo II.

Terceiro.-No prazo de dez (10) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, os interesados poderán interpor as reclamacións previstas no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co disposto na base cuarta, punto 2, da orde de convocatoria.

As reclamacións presentárase a través de fax (881 99 92 41) ou a través do correo electrónico: persoal.primaria@edu.xunta.es

Cuarto.-O feito de figurar na relación de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais do interesado que o lexitimen para participar no proceso selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Tal condicionamento faise extensivo incluso á titulación alegada polo interesado na súa solicitude, xa que a Administración neste momento non se pronuncia sobre a súa validez, senón que a súa consignación no modelo de instancia ten un simple valor indicativo; a certificación de estudos que se una a ela admítese, exclusivamente, para os efectos da súa valoración pola comisión na fase de valoración de méritos, polo que o interesado actúa neste proceso selectivo baixo a súa responsabilidade estrita e absoluta.

Quinto.-O feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determinarase na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fagan públicas as resolucións dos tribunais polas que se anuncian as datas, horas e lugares en que se fará o acto de presentación e terá lugar a primeira parte da proba prevista na base novena da convocatoria.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos